

## CONVENIO ENTRE EL INSTITUTO NACIONAL DE LA SEGURIDAD SOCIAL (INSS), A UNIVERSIDADE DE ALCALÁ (UAH) E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE INCAPACIDADE TEMPORAL PARA MÉDICOS ASISTENCIAIS NA MODALIDADE ON LINE

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, o Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) e a Universidade de Alcalá (UAH) formalizaron o día 18.07.2025 o instrumento convencional arriba referido, o cal permanecerá vixente ata o 31.12.2028.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería de Sanidade, o INSS e a UAH coa finalidade de perfeccionar a formación no control médico da prestación de incapacidade temporal (IT) mediante a mellora da formación dos médicos de atención primaria de xeito prioritario, dos Médicos Internos Residentes (MIR) de Medicina Familiar e Comunitaria, así como dos médicos especialistas, incluídos MIR de especialidades distintas á Medicina Familiar e Comunitaria en menor medida, a través do desenvolvemento da actividade formativa virtual, na modalidade *on line*, "*Certificado de formación permanente en incapacidade temporal para médicos asistenciais*".

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

A Comunidade Autónoma de Galicia asinou co INSS un Convenio para o período 2025-2028 no que se contén o Plan de actuacións para a modernización e mellora da xestión e control da IT e para a racionalización do custo da dita prestación, que reflicte o compromiso tanto do INSS como das Comunidades Autónomas de fomentar a formación dos profesionais sanitarios en materia de IT. Neste senso, o INSS pon a disposición da Comunidade Autónoma, actividades *on line* para a formación, investigación e innovación en valoración médica das incapacidades laborais e en calquera materia que se considere relevante para o bo funcionamento das prestacións económicas do sistema da Seguridade Social.

Para iso formalízase este convenio específico entre a Comunidade Autónoma, o INSS e a UAH, como entidade responsable do desenvolvemento deste curso.



A duración do curso será de 8 semanas, e prevese a celebración de 7 edicións do mesmo, que se desenvolverán ao longo dos exercicios 2025, 2026, 2027 e 2028.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

